

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

Xunto coa solicitude (Anexo I) presentarase a seguinte documentación:

a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros computables da unidade familiar. Só no caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2017, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia (empadramento)
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

c) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberá achegar o certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.

d) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

e) Certificado de convivencia ou informe de servizos sociais no caso de que os pais ou titor careza de DNI ou NIE.